

Superturonio

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
IES TERRA DE TURONIO

A moura da mina da Pedra-Moura

“ Preto do castro, no monte, hai dúas ghrandes covas. Para chegar onda elas hai que pasar por peñascos e riscos estreitos, mais cando dás con elas, din que atopas cousas máis increíbles, dise que eses dous buracos son dúas entradas de mina, hai quen di que son dúas minas e hai quen di que non, que hai unha única mina que ten dúas entradas, unha falsa, e que se entras pola boa chéghase a unha mina de ouro e pedras preciosas, que son propiedade dunha moura fermosa, que aparesíalle a todos os que entran na mina para enghanalos, perdelos nos laberintos, e levalos ata a falsa mina, que estaba chea dun ghas venenoso e que daba coa vida dos que entraban. Din que houbo un ve-siño que atopou as famosas entradas, foi busca-los outros para contarllo, e as contou, o que pa-sou foi que atopou a entrada e quixo meterse de-ntro e os outros aghardaron fóra. Din que xamais se volveu a saber nada del, incluso que foron buscar o seu can, ¿non?, e que o can tamén entrou e desapareceu, que non voltou “.



Isto é unha lenda recollida en Borreiros en 1997. Como esta podes recoller outras nas vosas casas, presentala no certame de recollida de patrimonio oral e levar de premio un discman e CDs de música. ¡¡ PARTICIPA !!

USOS E COSTUMES DUNHA TRIBU NÓMADA

¡Hola amigos e amigas Turonianos! Hoxe imos falarvos sobre unha curiosidade que temos ben preto: a pequena pero ben recoñecida etnia que forman os aborixenes de dun grupo de singular vida e costumes.

Esta tribu posúe unhas características físicas ben definidas, sendo a máis salientable a singular forza dos seus membros inferiores, que lles permiten percorrer kilómetros e kilómetros de salvaxe tundra de corredores turonianos, sen necesidade de monturas. Esta característica tamén lles permite salvar profundos desniveis de dous o máis pisos (Nota: as viaxes ao ximnasio e o pavillón non están incluídas xa que se consideran percorridos non necesariamente nomadistas senon de índole profesional).

O grupo ten unha baixa taxa demográfica:13 individuos pero, pola contra, todos sans e vigorosos. Socialmente, os seus nativos e nativas caracterízanse por ser ruidosos e chamativos cando están a se desprazar (en solitario ou en manada, tanto che ten) pero nas clases adoitan ser individuos apáticos e sen interese por nada. A espantosa ameaza de non conseguiren axudas retributivas da comunidade educativa (vulgarmente chamadas, “*Título de Graduado en ESO*”) trala súa peripatética existencia, non adoita amolalos un chisco.

A causa do seu anómalo comportamento social xa fora estudada por moitos sabios e sabias do mundo mundial e tódolos síntomas parecen apuntar a que este curso padece unha estrana dexeneración funcional chamada *Síndrome da Terra Prometida*...¿en que consiste tan rara enfermidade? Na existencia fantasmal e errática destes seres polas lindes da Terra de Turonio agóchase un desexo ancestral e inalcanzable: ser quen de vivir nun aula de seu, trala traumática experiencia da perda da aula primixenia.

Esta curiosa querencia deste curso, sempre en “terra de nadie”, cáusalle a este pobo moitos desarranxos emocionais e seica hormonais que poden ser ilustrados co estudio individual e pormenorizado de individuos pertencentes a esta etnia en vías de extinción como Herminio Sen Terra ou David o Mudo

Como curiosidade, a observación do comportamento da manada plantéxanos moitas incógnitas nas que non é doado diferenciar que hai de verdade e que de lenda na vida e miragres deste colectivo tan singular ...¿É certo que durmen e comen de pé, nos áridos corredores de Turonio?...¿Aliméntanse de seu?...¿Practican a endogamia ou poden manter unha vida amorosa estable con individuos/as doutros cursos...?, ¿Son ritos da súa secreta relixión a eterna percura de xiz, a eterna búsqueda de profesores ou a entrevista co orientador?...¿O titor procede da mesma etnia ou é un híbrido doutra ou doutras especies...? Son cuestións que nos desacougan a todos e por iso reivindicamos o seu dereito a unha existencia estable, practicando a agricultura e o pastoreo na súa propia aula...

...QUE PRONTO ACHEDES A AULA PERDIDA, meus parrulos.

¿Sabes de que grupo se trata?

1ºA	1ºB	1ºC	2ºA	2ºB	2ºC	2ºD	3ºA	3ºB	3ºC	4ºA	4ºB	4ºC	4ºD
-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----	-----

Tacha neste casilleiro o grupo do instituto do que fala o texto.

Pon os teus datos na casilla do lado e bótao na caixa de Superturonio. ¡ Hai premio!

O teu Nome:

O teu curso:

Tráenos a súa voz

Ideas para unha recollida

No número anterior de Superturonio saía a convocatoria do certame de recollida de patrimonio oral. Seguramente haberá algún despistado que aínda non saiba de que vai iso ...

Para axudarnos imosvos dar algunhas pistas sobre distintos aspectos da tradición oral para que poidades investigar e preguntar na casa.

¡ Ollo !, non son estes os únicos temas, pero pódenvos servir se non sabedes por onde empezar a tirar do fío.

As persoas maiores pódenvos contar historias únicas, que nunca ídes escoitar na tele, na radio, no cine, en internet nin nos libros. Son cousas que se facían antes pero non por iso menos divertidas. Antes divertíanse doutra maneira, pero vaía se se divertían ... Se non es quen de imaxinar como facían sen tele, coches nin discotecas para non aburrirse, preguntalles ás persoas maiores que era unha cornetada, un serán ou que facían na noite de San Xoan.

velai van algúns exemplos sobre distintos temas que podeades preguntar:

♦ **CONTOS:** Calquera conto dos que vos contaban de pequenos e aqueles que servían para rír ou divertirse. ¿Quen os contaba?

♦ **LENDAS:** Esas historias sobre os mouros e mouras, o trasno, a santa compañia, as bruxas, as cobras ou serpes, as "aireadas"... ¿Crían nesas cousas? ¿Síguen crendo?

♦ **CANTIGAS RELIXIOSAS:** de reis, panxoliñas, oracións en galego... ¿Cando e onde se cantaban?

♦ **CANTIGAS PROFANAS:** para adormecer aos nenos/as, de traballo, de romaría, de amor, sarcásticas, cantigas de fiadeiros ou dos seráns, .. ¿Cando e onde se cantaban?

♦ **ADIVIÑAS:** ¿Qué adiviñas recordan sobre animais, froitas, corpo, lúa? ¿A quen llas contaban?

♦ **REFRÁNS e DITOS** de homes e mulleres, oficios, meses do ano, lugares e aldeas veciñas, labores do campo, climatoloxía....

♦ **TRADICIÓN:** festas, romarías, fiadeiros, seráns, muiños, vendíma, sega, malla, troulas, etc

♦ **FEITOS HISTÓRICOS:** os foros e sindicatos agrarios, episodios sobre a guerra civil (mortos, fuxidos, maquis, paseos, vinganzas). A fame, a posguerra. ¿Cómo se vivía antes? ¿Cómo viviron os adiantos: luz, teléfono, radio, ...?

♦ **SUPERSTICIÓN:** Historias de mortos, aparecidos, menciñeiros, bruxas e meigas, mal de ollo, aireadas,...

NOVAS

* O 19 de Abril estaremos en Ponte...nas Ondas!

O noso centro vai participar na 8ª edición desta experiencia realizando un programa en directo desde o estudio de Salvaterra de Miño. Xa vos adiantamos que o programa vaise chamar " Cantigas no Atlántico" e vai ser realizado xunto co colexio Pedro II de Río de Xaneiro que vai estar con nós a través dunha video-conferencia.

Seguiremos informando, estade atentos.

* **Deixounos CARLOS CASARES, o noso veciño do Val Miñor. No próximo próximo número terás cumprida información.**